

Aderyn, poesía noise pop

Os poemas de *Fase de tremo* (Espiral Maior, 2012) son de vocación escura. Abismáticos. Intimistas e con certa desolación como medio ambiente. Destes materiais partiron a súa autora, **Lorena Souto**, e o músico **David Miranda** para crear **Aderyn**, proxecto noise pop nado na diáspora galesa. *Fractura* é o seu primeiro disco.

Daniel Salgado 17 de outubro de 2019

<https://www.nosdiario.gal/articulo/cultura/aderyn-poesia-noise-pop/20191017154250085436.html>

“Foi un xeito de darlle pulo ás nosas inxerencias artísticas e un xeito de sentirse en conexión, mesmo estando lonxe, co noso contexto cultural”, explica a *Sermos* nun correo electrónico a propia Souto. A situación concreta e un punto de eclosión: a adaptación que Miranda fixera pola súa conta dun poema do mencionado libro, “que deus pé a un diálogo poético musical que ao longo do tempo se fixo máis fluído”.

Escritora e músico traballaban na Universidade de Bangor, no **País de Gales**. Ela regresou á Galiza, el continúa alí, onde leva máis de dez anos. “Foi un proceso lento e meditado que deus lugar ao disco”, considera Miranda. O resultado son oito cancións de textura lenemente ruidosa, en que ecoan **Cocteau Twins** ou os **My Bloody Valentine** menos salvaxes, dispoñíbeis en bandcamp, e que enlazan con algunhas prácticas anteriores do músico, por caso a banda **Nouvelle Cuisine**.

“Os poemas foron o punto de partida. Busquei darlles unha interpretación sonora. Máis que en melodías, a miña busca centrouse nas texturas. Lorena tivo unha achega fundamental nese sentido”, di Miranda, quen pon como exemplo do método *Levedar*. “Vén, entra no cuarto / o mar medra para asolagarnos / e vivimos como cetáceos xigantes”, afirma unha canción máis “acuática” que a media de *Fractura*.

Ás teimas “electrónicas e orientadas cara ao post-rock” de Souto engadiu o músico unha obsesión: a do disco maldito de **Lou Reed** *Metal Machine Music* (1975), ruído branco, masas informes de guitarras distorsionadas. “Conforme avanza a obra, a textura vaise abrandando e as melodías teñen maior protagonismo”, autoanaliza, “se cadra pasan do noise pop ao *dream pop*. Este desenvolvemento é un reflexo do que está a suceder nas letras”.

Mais a poeta adianta que agora Aderyn experimenta co “camiño inverso”, das músicas aos textos. E preséntase a disxuntiva entre poema e canción. Souto recita sobre camas de guitarras máis ou menos planeadoras en *O final é un novo comezo* e *A viaxe*, pórtico e clausura do álbum. Nas demais, Miranda pon a voz. “Para min a melodía funciona como unha peza de roupa, o verso ten

que entrar nela e esta ten que lle sentar ben”, entende a escritora, quen cualifica a experiencia de aprendizaxe.

David Miranda creara hai anos un formato con algunha analoxías: **Bangor**, con outra poeta, *María do Cebreiro*, pero acústico, de ángulos folk inglés, e un disco, *Lembrarás este cuarto?* (2011). “Mais o proceso creativo fora diferente. As cancións de Bangor foron directamente da guitarra acústica á interpretación ao vivo con María, e de aí ao estudio de gravación”, recorda. Aínda non se sabe cando, pero Souto asegura que posibelmente Aderyn coñecerá o directo. Polo momento, preparan novos temas “un pouco máis pop, sen abandonar as referencias musicais de *Fractura*”.